

## **Nigrán organiza un curso preparatorio para persoas adultas destinado a obter o título da ESO.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Luns, 21 Setembro 2015 22:26

---

A Concellería de Turismo, Cultura, Xuventude, e Igualdade do Concello de Nigrán, a través do Centro de Información ás Mulleres organiza un curso preparatorio das probas libres para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ( E.S.O. ) para persoas adultas. O curso comezará no mes de outubro. Prazo de inscrición dende o 21 de setembro ata o día 6 de outubro.

Para mais información ou inscrición as persoas interesadas poden dirixirse ao Centro de Información ás Mulleres na antiga estación do tranvía de Panxón , Estrada pola Vía, nº65, Panxón, Nigrán. Teléfono: 986 383081 , correo electrónico: [cim@nigran.org](mailto:cim@nigran.org)